



Premiados nos certames de xornalismo, arte, poesía e debuxo infantil do belén begontino e público asistente ó.

Begonte despide o «milagre técnico e social» do belén

►José Antonio Vázquez gabou o nacemento na entrega de premios dos seus certames

CRISTINA PÉREZ

BEGONTE. A entrega de premios dos certames de xornalismo, arte, poesía e debuxo infantil clausurou a XXXVII edición do belén de Begonte, «un milagre técnico e social», tal e como cualificou ó nacemento electrónico begontino o alcalde José Antonio Vázquez.

O cura Jesús Domínguez Guizáñ fixo súas as palabras do pregoeiro deste ano, o bispo Alfonso Carrasco, quen definiu o belén como o «faro da Terra Chá». O párroco desexou, ante o público que ateigou o centro cultural 'José Domínguez Guizáñ', que o nacemento siga a ser un «símbolo de fe

e de alegria» e transmiulle o seu agradecemento «a todos os que colaboran na promoción do belén e ás persoas que procuran mandar traballos para os certames».

A continuación, recollerón os seus premios Xesús Mato e Ramón Eijo, primeiro e segundo no XXXIII Certame de Xornalismo, e Pepe Pol, merecedor dunha mención de honra. O mesmo recoñecemento recibirono Alfredo Seixas e Lucía González no XIX Certame Galego de Arte, concurso que gañou Manuel Ángel Carreira.

O primeiro premio do XXXIII Certame de Poesía sobre o Nadal foi para Xosé Otero Canto e o segundo, para Lázaro Domínguez Gallego. No XXXIII Certame de Debuxo Infantil foron galardoados 16 rapaces de 6 a 13 anos.

Participaron na entrega o pintor Manuel Culín, o cura Manuel Castro Gay, o escritor Marcial González Vigo, José Rodríguez Varela (creador das figuras do belén), Si-

nesio Pérez, de Caixa Galicia, Domínguez Guizáñ e o alcalde, quen intervui trala entrega.

Vázquez salientou que Begonte se converte «na capital do Nadal en Galicia» e recordou a presenza de dez alcaldes na inauguración, o que amosa que é «un dos vencellos entre os concellos chairegos». Apuntou tamén que «todo Begonte ten que ser un anfitrión colectivo». O rexedor anunciou, así mesmo, o propósito de pórse «a traballar conxuntamente para que a próxima edición sexa mellor». Un recital da Polifónica Vilalbesa pechou o acto.

Jesús Domínguez Guizáñ
Párroco de Begonte

II Agradezo o esforzo dos que colaboran na promoción do belén e das persoas que mandan traballos ós certames»



Acto celebrado no centro cultural 'José Domínguez Guizán'. C. PÉREZ



Actuación da Polifónica Vilalbesa (arriba) e entrega de premios. C. PÉREZ